

POLA DEFENSA DOS DEREITOS HUMANOS

no C.P. A Lama. O caso de Javier Guerrero Carvajal, 130 días en folga de fame

A través do presente comunicado, as organizacións de defensa dos Dereitos Humanos asinantes queremos facer pública a denuncia de vulneracións de dereitos fundamentais que se está a vivir no Centro penitenciario de A Lama, e solidarizarnos especialmente con Javier Guerrero Carvajal, en folga de fame desde o día 12 de decembro de 2014 e hospitalizado desde o 5 de xaneiro de 2015 polo seu delicado estado de saúde.

As folgas de fame e sede son formas de protesta e reivindicación que empregan as persoas internas para denunciar os abusos de poder e malos tratos que se dan na cadea, as irregularidades na administración de xustiza e penitenciaría así como as deficiencias en materia de saúde, traballo, educación, actividades culturais e deportivas no tratamento penitenciario e nos procesos de reinserción da poboación reclusa.

Javier Guerrero Carvajal inicia o pasado 12 de decembro de 2014 unha folga de fame con continuas folgas de sede, baixo dúas demandas xerais, o **cumprimento do Regulamento Penitenciario e o respecto aos Dereitos Humanos na prisión**, e catro denuncias particulares de vulneración de dereitos na súa persoa:

1. Dilacións inxustificadas nas resolucións e revisións de grado.
2. Inseguridade xurídica e arbitrariedade.
3. Vulneración do Dereito a Tutela Xudicial Efectiva.
4. Vulneración dos dereitos e garantías vinculadas as prestacións sanitarias (Javier Guerrero padece fibromialxia entre outras doenzas).

Despois de mais de 4 meses de protesta a súa saúde deteriorouse gravemente. En este tempo sufriu crises de hipoglucemia, desfalecementos, cólicos frecuentes de riles, edemas periódicos na perna esquerda a consecuencia da falta de proteínas, lagoas de memoria. As secuelas para a súa saúde serán dificilmente reversíbeis, poren, Javier Guerrero Carvajal mantense firme na súa decisión de continuar en folga ata:

- Obter resposta efectiva aos recursos de revisión de grao, xa que as dilacións fan que os mesmo se acumulen e fiquen sen resolver.
- Realícese unha correcta folga de cálculo.
- Asistir a comisión que resolve sobre o arquivo da sanción administrativa imposta o pasado decembro, e que podería deixar sen efecto a suspensión do mesmo.

Ante a gravidade da situación de Javier Guerrero Carvajal e as constantes denuncias por vulneración de dereitos humanos nas cadeas españolas por parte das persoas reclusas e organizacións nacionais e internacionais. Entendemos estamos no contexto político-social oportuno para que as organizacións e sociedade civil que traballamos en pro dos Dereitos Humanos continuemos demandando e así o facemos constar no presente comunicado, **transparencia na administración penitenciaria e efectivo respecto aos dereitos das persoas privadas de liberdade**, con o fin de conseguir unha administración da pena dentro dos estándares europeos, mais xusta e acorde con o mandato constitucional de prevaenza da rehabilitación e reinserción da persoa condenada como principio reitor da execución das penas privadas de liberdade.

Asinantes:

Agrupación de Avogados Novos de Vigo * Esculca, observatorio para a defensa dos dereitos e liberdades * Salhaketa Xustiza e Sociedade de Galicia * Coordinadora Estatal para la prevención y denuncia de la tortura * Imán-Cedro Observatori del Sistema penal i els Drets Humans * Comité de defensa dos Presos Concepción Areal Grupo de Apoio a Javier Guerrero Carvajal * Oficina de Dereitos Sociais de Coia (ODS)



ODS - COIA
OFICINA DE DEREITOS SOCIAIS - COIA